

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE CASTRELO DO VAL

CURSO: 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA:

DEPARTAMENTO:

DATA: 12 - 05 - 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

MATEMÁTICAS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Profundar en problemas resoltos propoñendo pequenas variacións nos datos, outras preguntas etc.	MTB1.3.1. Profunda en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos. MTB1.3.2. Formula novos problemas, a partir dun resolto: variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectando coa realidade, buscando outros contextos etc.
B1.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.	MTB1.4.1. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático
B1.5. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.5.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.
B4.1. Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.	MTB4.1.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos. MTB4.1.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.
B4.2. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.	MTB4.2.1. Clasifica cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados. MTB4.2.2. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio e diámetro.
B4.3. Coñecer as características e aplicalas para clasificar: poliedros, prismas, pirámides, corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.	MTB4.3.1. Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados. MTB4.3.2. Recoñece e identifica poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas. MTB4.3.3. Recoñece e identifica corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.

LENGUA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía	LCB2.2. 1. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social. LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua	LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos ou frases feitas na expresión oral e escrita. LCB4.2.2. Recoñece prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas. LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. LCB4.2.5. Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.

LINGUA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis).	LGB2.1.1. Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose de forma evidente. LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade. LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade. LGB2.1.4. Interpreta, personificacións, hipérboles e ironías evidentes, en textos de dificultade adecuada á súa idade.
B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo. LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). LGB3.1.5. Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos, adxectivos determinantes e cuantificadores. LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación. LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas. LGB4.2.3. Valora a importancia do dominio da ortografía para asegurar unha correcta comunicación escrita entre

	as persoas falantes dunha mesma lingua e para garantir unha adecuada interpretación dos textos escritos.
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como construír correctamente as oracións desde o punto de vista sintáctico, nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación. LGB4.3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións. LGB4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.

SOCIAIS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B4.1.Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	CSB4.1.1.Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final. CSB4.1.2.Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.
B4.3.Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.	CSB4.3.2.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.
B4.4.Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución e coñecer os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.	CSB4.4.2.Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas. CSB4.4.3.Explica a diferenza dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas.

NATURAIS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotián.	CNB5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá
B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	CNB4.1.1. Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá. CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación. CNB4.1.3. Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Crear unha imaxe positiva dun mesmo tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo concepto.	Manifesta unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.
Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación de conflitos, de xeito guiado.
Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	Emprega estratexias para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.
Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Terase en conta a presentación dos traballos realizados ben sexa por correo electrónico ou presencialmente cando a situación o permita. Valorarase sobre todo o esforzo e a rutina diaria de traballo.
	Instrumentos: Actividades sinaladas a través da web do centro: www.educastrelo.com ; Envío destas por correo electrónico; Libretas;
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final do curso, non pode ser inferior á da segunda avaliación, polo que se partirá desta podendo subir ata un máximo dun punto polo traballo e esforzo realizado durante o terceiro trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Partindo de que a avaliación na Educación Primaria é continua terase en conta o traballo do terceiro trimestre, valorando en cada caso a necesidade dalgún traballo específico.
	Criterios de cualificación: Valorarase a madurez, o esforzo e a adquisición de coñecementos imprescindibles para poder continuar a aprendizaxe en 5º de Primaria.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Valorarase en cada caso a situación antes do Estado de Alarma e o traballo realizado durante este tempo de confinamento. Nos casos onde a materia estivera pendente por moi pouco, será suficiente con traballar de maneira correcta durante este terceiro trimestre. Cando o alumno/a estivera moi lonxe de acadar os obxectivos anteriores, deberá demostrar que os acada mediante traballo específico.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades son seleccionadas do libro do alumno, combinando en todo caso actividades de repaso, recuperación (cando sexa necesario) e reforzo. Dada a situación, de haber actividades de ampliación serían mínimas. Tamén creei actividades interactivas na páxina de “Educastrelo” para reforzar os contidos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	As actividades son propostas na páxina web de “Educastrelo” e enviadas sempre que sexa posible por correo electrónico. Para aqueles que non poidan facer o envío por correo electrónico existe a posibilidade de presentar o traballo presencialmente cando a situación o permita, antes do final de curso.
Materiais e recursos	Libro, libreta, vídeos explicativos, actividades interactivas, correo electrónico para resolución de dúbidas.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O presente documento será posto na páxina web de www.educastrelo.com informando ás familias pola aplicación móbil TokApp. Cando se comprobe que algunha familia non leu a mensaxe na aplicación será informada por outros medios como email, chamada telefónica...
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

INGLÉS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- B1.1. Comprendera idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples ecoñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situación comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade elentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe	- PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantesde textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.
- B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais importante do texto.	- PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas)sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.
- B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado ,e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	- PLEB3.1. Comprende frases simple sescritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas ,nun rexistro neutro ,utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación ,para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	- PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
- B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente.	- PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado asTIC para a produción detextos sinxelos.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Debemos destacar o feito de que non se tratará dunha avaliación en sí, senón que será un trimestre no que se trata de fomentar as rutinas diarias e hábitos de estudo, fomentando a adquisición e reforzo de coñecementos e valorando o traballo e esforzo diarios . O proceso será simple, a mestra faralles chegar ás familias a súa proposta de traballo semanal, sempre de carácter opcional. A continuación esta correxiraos e informará ás familias dos resultados obtidos, os cales serán tidos en conta á hora de subir nota ao final do curso, ata un máximo de 1 punto.
	Instrumentos: Os instrumentos dos que dispoñamos serán sobre todo de tipo telemático, aplicacións e páxinas web e internet, pero tamén recurriremos ao uso e traballo nos libros de texto que as familias mercaron ao comezo do curso, así como fichas de reforzo e ampliación e recursos varios na rede e o traballo na tablet mediante a aplicación snappet. A corrección das tarefas que o alumnado viranlle a demostrar á profesora se as explicacións dadas foron comprendidas e asimiladas correctamente.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A base de cualificación final será como mínimo a nota obtida no segundo trimestre. Isto quere dicir que en ningún caso se poderá obter unha nota inferior a esta, pero si se lles dará aos alumnos a posibilidade de subila mediante a entrega das tarefas propostas e a boa praxis delas. Valorarase por tanto positivamente o esforzo realizado e o hábito de traballo e estudo. E dado que non todos os nenos teñen as mesmas opcións, esta é unha das razóns polas que poderán entregar todo o traballo de xeito presencial en xuño de non podelo facer por vía telemática.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Os criterio de avaliación virán marcados principalmente polas rutinas de traballo e polos hábitos de estudo diario que mostre cada alumno.
	Criterios de cualificación: A todos aqueles alumnos que teñan a asignatura suspensa na segunda avaliación daráselles a oportunidade de recuperala mediante a entrega das tarefas propostas pola mestra. Poderán subir un punto

	se ditas tarefas están correctamente realizadas.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: A mestra da asignatura en cuestión proporalle a estes alumnos a realización de actividades e tarefas coas que repasen todos os contidos cos que tiñan dificultades na segunda avaliación. Ao recibilos de volta a docente corríxiraos e comprobará se o alumno foi quen de acadar ditos contidos e por conseguinte de recuperar esa materia non aprobada na anterior avaliación, de ser así poderá optar a subir nota e aprobar o terceiro trimestre.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Levaranse a cabo actividades tanto orientadas para os nenos que poidan traballar con conectividade como outras para aqueles que non poidan disfrutar da conectividade suficiente como para poder levar estas a cabo. Con conectividade: Actividades tipo visionado de videos en youtube, realización de actividades e xogos online, actividades de creación e reprodución, traballo con snappet, actividades que conleven o uso de ferramentas de búsqueda e investigación mediante a web. Sen conectividade: Realización de traballo baseándose en fichas, recursos fotocopiabiles, libros, libreta ou tarefas que non requiran o uso de medios dixitais, tales como role plays ou uso de material realia, creación de esquemas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Tanto as actividades para aqueles calumnos con conectividade como para aqueles que non a teñan seránlle enviadas mediante os medios aos que cada un teña acceso, en función do que lle indiquen ao profesor. As principais vías para enviarlles traballo serán a páxina web do centro, e o e-mail, non obstante, se non houberse modo de que o alumnado puidese acceder a estes medios, usaríamos o e-mail ou o tokapp. O fin das actividades é que logren entender os contidos explicados e que os practiquen en exercicios de diferentes tipos. O ideal é que cando rematen lle fagan chegar ditas actividades ao profesor por via e-mail, non obstante, para evitar a chamada “brecha dixital” tamén poderán facerllos chegar ao docente en xuño de maneira presencial. Unha vez recibidos , o mestres procederá á súa corrección , remitíndolla a cada familia pola vía pola que a recibiu e se é necesario acompañándoa de máis actividades que reforcen as carencias ou dúbidas que puidese observar. *Dado que as actividades propostas son de carácter opcional os pais son informados de que a idea é manter as rutinas e non perder coñecementos, pero a aqueles alumnos que estean suspensos daráselle opción de subir nota e recuperar materia non aprobada, e o modo de facelo será mediante a realización das actividades propostas.
Materiais e	Youtube, libreta, libros, fichas, fotocopiabiles, snappet, tokapp,

recursos	e-mail, reallia(recursos da vida cotiá que se poden atopar nos fogares)
-----------------	---

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A continuación indico o procedemento que a profesora da materia de lingua inglesa empregará para informar ao alumnado. Todas as actividades propostas serán publicadas na web educativa do centro, de igual xeito procederase a informar aos pais mediante a aplicación tokapp school da existencia destas e o lugar onde atopalas. De non recibir notificación de haber sido recibido o mensaxe, chamarase a ditas familias ou enviaráselles un e-mail. Unha vez recibidas as actividades feitas polos alumnos por vía e-mail, o profesor corríxiraaas, solucionará as posibles dúbidas que poidan xurdir e remitiralle o feedback de volta ás familias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Como dixeran anteriormente tanto as actividades propostas coma este documento de adaptación da programación didáctica estarán á disposición das familias na páxina web do centro.

ARTS & CRAFTS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica, o significado en función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	- Analiza de maneira sinxela imaxes atendendo ao tamaño, formato e elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz función..) e elabora proxectos con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada a súa función.
- Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e as técnicas básicas das obras plásticas, e expresar as súas diferenzas.	- Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal. Tamén clasifica texturas, formas e cores, atendendo a distintos criterios (similitude, diferenza, tacto, dureza, etc)
- Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	- Representa formas con diferentes cores (mesturándoas con sentido estético), texturas e materiais. Ademais, consegue dar a sensación de profundidade e volume as súas creacións.
- Realizar composicións plásticas con figuras xeométricas, manexando ferramentas básicas de precisión e utilizando escalas e proporcións.	- Utiliza a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico. Traza formas xeométricas con precisión, coa axuda das ferramentas básicas (regra, escuadra e cartabón).
- Utilizar as novas tecnoloxías da información e recursos bibliográficos para obter información que lle sirva para planificar e organizar os procesos creativos.	- Organiza e planifica o seu proceso creativo recollendo información bibliográfica ou da internet, desenvolvéndoa en esbozos e elixindo os que mellor se adecúan aos seus propósitos para elaborar a obra final.
- Coidar e usar correctamente os materiais, os instrumentos e os espazos.	- Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos.
- Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral como medio de comunicación e entendemento e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.	- Valora a lingua estranxeira como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal. Ademais comprende e reproduce mensaxes orais sinxelos na lingua estranxeira sobre o tema da unidade.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Debemos destacar o feito de que non se tratará dunha avaliación en si, senón que será un trimestre no que se trata de fomentar as rutinas diarias e hábitos de estudo, fomentando a adquisición e reforzo de coñecementos e valorando o traballo e esforzo diarios . O proceso será simple, a mestra faralles chegar ás familias a súa proposta de traballo que será sempre de carácter opcional. Os alumnos realizarán ditas actividades e poñeranse en contacto coa mestra para que ela poda facer as correccións oportunas. Unha vez corrixis, a mestra informará ás familias dos resultados obtidos. Tamén lles comunicará cales foron os erros cometidos e, nese caso, aportará pautas e explicacións para poder superalos. O esforzo realizado polos alumnos e os resultados acadados serán tidos en conta á hora de subir nota ao final do curso e tamén para recuperar a materia en caso de que estivera suspensa no primeiro ou segundo trimestre.
	Instrumentos: Os instrumentos dos que dispoñamos serán sobre todo de tipo telemático como páxinas web e enlaces con contidos e actividades plásticas. Contaremos con servizos de mensaxería coma o correo gmail ou o abalar. Ademais, recurriremos ao emprego de traballo nos libros de texto que as familias mercaron ao comezo do curso, así como fichas de ampliación que serán enviadas a aqueles que o soliciten.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A obtención da cualificación final farase en base ás notas obtidas no primeiro e segundo trimestre. Isto quere dicir que, en ningún caso se poderá obter unha nota inferior a esta. A maiores, se lles dará aos alumnos a posibilidade de subir as súas cualificacións mediante a entrega das tarefas propostas e a boa praxe delas. Valorarase por tanto positivamente o esforzo realizado e o hábito de traballo neste terceiro trimestre. En calquera caso o traballo dos alumnos só serviría para mellorar, ata un máximo de 1 punto, a nota e nunca para empeoralala. Ditas tarefas tamén se terán en conta para recuperar a materia en caso de que estivera suspensa no primeiro ou segundo trimestre (unha situación que non se producirá neste caso debido a inexistencia de suspensos na materia)

Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Os criterios de avaliación virán marcados principalmente polas rutinas de traballo diario que mostre cada alumno.
	Criterios de cualificación: A todos aqueles alumnos que teñan a materia suspensa na primeira e segunda avaliación daríase-lle a opción de recuperala mediante a entrega das tarefas propostas. Agora ben, o alumno aprobado de todo o alumnado en ambas avaliacións tan só engade a posibilidade de subir un punto aos que entreguen as tarefas propostas, mellorando a súa nota nesta materia.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: A mestra da materia en cuestión proporíalle a estes alumnos a realización de actividades e tarefas coas que repasasen os contidos cos que tiñan dificultades nas anteriores avaliacións. Ao recibilos de volta a docente corrixiríalos e comprobaría se o alumno foi quen de acadar ditos contidos e, por conseguinte, de recuperar esa materia non aprobada anteriormente. De ser así podería optar a subir nota e aprobar o terceiro trimestre. Como xa dixen anteriormente nesta materia non hai ningún alumno que se atope nesta situación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Levaranse a cabo actividades tanto orientadas para os nenos que poidan traballar sen problema con conexión a internet como outras para aqueles que non dispoñan de medios ou da conexión adecuada como para poder levalas a cabo. Con conexión a internet: Actividades tipo visionado de videos en youtube, na páxina web do colexio e actividades de creación e reprodución. Sen conexión a internet: Realización de traballo baseándose en fichas, recursos fotocopiabiles, libros ou tarefas que non requiran o uso de medios dixitais, tales como o uso de material realia.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Tanto as actividades para aqueles alumnos que dispoñen de medios e internet como para aqueles que non dispoñen de conectividade seranlle enviadas mediante os medios aos que cada un teña acceso, en función do que lle indiquen ao profesor. As principais vías para enviarlles traballo serán a páxina web do centro, e o e-mail. Non obstante, se non houberse modo de que o alumnado puidese acceder a estes medios trataríase de acceder a eles a través do teléfono ou correo ordinario. Outra opción, sería enviarlles os traballos aos correos facilitados gratuitamente polo concello e que unha vez fotocopiados alguén se encargara de acercarllo aos seus domicilios. O fin das actividades é ampliar o coñecemento plástico dos nenos e ao mesmo tempo de fomentar actividades lúdicas e de relaxación. O ideal é que cando rematen lle fagan chegar ditas actividades ao profesor a través do e-mail. Non obstante, para evitar a chamada “brecha dixital” tamén poderán facerllos chegar ao docente en xuño de maneira presencial. Unha vez recibidos os traballos os mestres procederán á súa corrección , remitíndolla a cada familia pola vía pola que a recibiu e se é necesario acompañándoa de máis actividades que reforcen as carencias ou dúbidas que puidese observar. Dado que as actividades propostas son de carácter opcional, os pais son informados de que a idea é manter as rutinas e non perder coñecementos, ademais de poder subir as súas

	cualificacións finais. Para aqueles alumnos que estean suspensos comunicaráselles aos pais que a única opción de recuperar a materia non aprobada será mediante a realización das actividades propostas (que novamente non se dará neste caso)
Materiais e recursos	Youtube, páxina web, fotocopiables, libros, e-mail e tokapp school .

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Todas as actividades propostas serán publicadas na web educativa do centro. De igual xeito procederase a informar aos pais mediante a aplicación abalar da existencia destas e o lugar onde atopalas. De non recibir notificación de haber sido recibido o mensaxe, chamarase a ditas familias ou enviaráselles un e-mail. Unha vez recibidas as actividades feitas polos alumnos por vía e-mail, o profesor procederá a corrixilas, solucionará as posibles dúbidas que poidan xurdir e remitirállelas de volta ás familias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Como dixen anteriormente tanto as actividades propostas coma este documento de adaptación da programación didáctica estarán á disposición das familias na páxina web do centro.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR.

CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Recoñecer diferentes tipos de agrupacións musicais vocais e instrumentais.	1.1. Coñece e discrimina a clasificación das voces masculinas ou femininas.
	Recoñece e identifica diferentes agrupacións vocais e instrumentais.
Interpretar cancións como solista, en dúo, en trío e en coro articulando e afinando, de xeito desinhibido e pracenteiro, mostrando confianza nas propias posibilidades e mostrando respecto polos demais.	Canta e interpreta cancións de xeito individual e en grupo afinando e articulando.
Recoñecer e clasificar os instrumentos musicais por familias e subfamilias describindo oralmente e por escrito as súas principais características.	Clasifica os instrumentos musicais por familias e subfamilias.
Analiza e describe, oralmente e por escrito, a estrutura de cancións e fragmentos musicais escoitados na aula.	1.1. Distingue o ritmo, tempo, melodía, timbre, dinámica e carácter nunha obra ou fragmento musical.
	Le e crea partituras sinxelas utilizando as notas da escala pentatónica de do e as figuras redonda, branca, negra e corchea.
Expresar corporalmente unha mensaxe musical.	Expresa mediante o corpo unha mensaxe musical.

3. METODOLOXÍA / ACTIVIDADES

		ACTIVIDADES	TIPO	MATERIALES E RECURSOS
METODOLOXÍA	ALUMNADO con conectividade	• Actividades online. • Vídeos explicativos.	☐ RECUPERACIÓN ☒ REPASO ☒ REFORZO	• Dispositivo electrónico (móbil, tablet, ordenador,...) • Material audiovisual.
	ALUMNADO sen conectividade)	Non se deu o caso	☐ AMPLIACIÓN	-----

4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

AVALIACIÓN		
PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS	CUALIFICACIÓN FINAL
• Visualización de vídeos. • Conversas por email.	• Vídeos do traballo realizado. • Correo electrónico	Será a mesma que no 2º trimestre coa posibilidade de subir un punto máis polo esforzo realizado.

ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Non se dá o caso		

5. DIFUSIÓN E PUBLICIDADE.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información ao alumnado e ás familias	Esta información darase a través das seguintes canles: - Páxina web do cole https://educastrelo.com - Aplicación Tokappschool. - Correo corporativo da Xunta.
Publicidade	Publicarase este documento na páxina web do centro:

1.DATOS XERAIS.

CENTRO	CEIP PLURILINGÜE CASTRELO DO VAL	NIVEL	CUARTO
ETAPA	EDUCACIÓN PRIMARIA	MATERIA	Educación Física
OBSERVACIÓNS	É unha aula mixta con 17 nenos e nenas, 9 de 3º de EP e 8 de 4º de EP.		
VÍAS DE COMUNICACIÓN:	O sistema de comunicación empregado, son: • A páxina web do cole https://educastrelo.com. • A aplicación Tokappschool. • O correo corporativo da Xunta de Galicia.		

2. CONCRECIÓN CURRICULAR.

CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
1. Coñecer o propio corpo e as súas posibilidades de movemento.	1.1. Experimenta posibilidades de movemento das articulacións
2. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.	2.1. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
3. Adaptarse a referencias temporais: ritmos, velocidades,...	3.1. Axusta o movemento a distintas velocidades.
4. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	4.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
	4.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
	4.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
5. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	5.1. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.
6. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	6.1. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos ingeridos etc.).
7. Coñecer, a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	7.1. Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.
	7.2. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.

3. METODOLOXÍA / ACTIVIDADES

		ACTIVIDADES	TIPO	MATERIAS E RECURSOS
METODOLOXÍA	ALUMNADO con conectividade	• Actividades online. • Vídeos explicativos.	☐ RECUPERACIÓN ☒ REPASO ☒ REFORZO ☐ AMPLIACIÓN	• Dispositivo electrónico (móvil, tablet, ordenador,..) • Material audiovisual.
	ALUMNADO sen conectividade)	Non se deu o caso		-----

4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

AVALIACIÓN		
PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS	CUALIFICACIÓN FINAL
• Visualización de vídeos. • Conversas por email.	• Vídeos do traballo realizado. • Correo electrónico	Será a mesma que no 2º trimestre coa posibilidade de subir un punto máis polo esforzo realizado.

ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Non se dá o caso		

5. DIFUSIÓN E PUBLICIDADE.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información ao alumnado e ás familias

Esta información darase a través das seguintes canles:

- Páxina web do cole <https://educastrelo.com>
- Aplicación Tokappschool.
- Correo corporativo da Xunta.

Publicidade

Publicarase este documento na páxina web do centro:

RELIXIÓN

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.	Localiza no relato bíblicoas frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con Él.
Coñecer as características do perdón de Deus as través do personaxe bíblico de Moisés. Situar a Moisés na historia do pobo de Deus.	Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.
Identificar algúns feitos de Xesús (milagres) que mostran o amor de Deus polo ser humano, especialmente polos máis necesitados e polos enfermos.	Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e polos enfermos, nos textos evanxélicos
Situar a acción salvífica de Xesús nas referencias bíblicas sobre a súa paixón, morte e resurrección.	Secuencia ordenadamente escenas de Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.
. Identificar e comprender as partes da Eucaristía, diferenciando signos e momentos da celebración .	Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Durante o presente trimestre o profesor enviará semanalmente, a través da páxina web do colexio, unhas serie de actividades de repaso e reforzo sobre os temas impartidos ao longo do curso presencial. As actividades, cumprimentadas, deben ser enviadas ao profesor ao seu correo de hotmail (jvillabril@hotmail.com) para poder ser corrixidas. O traballo feito neste trimestre en ningún caso pode minorar a nota obtida na 2ª avaliación, pero si que pode subila entre 0 e 1 punto. No caso daqueles alumnos que teñan as dúas avaliacións (1ª e 2ª) aprobadas, a nota final será como mínimo a da 2ª avaliación ca posibilidade de poder subila mediante os traballos deste trimestre. No caso daqueles alumnos que teñan algunha das dúas avaliacións suspensas, as actividades terán valor de recuperación da materia.
	Instrumentos: Envío de actividades a través de correo electrónico, páxina web. Uso adecuado do ordenador por parte do alumno como ferramenta telemática así como a utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade. Libro de texto, caderno do alumno, fichas para imprimir,.... Tarefas realizadas polo alumno na actividade diaria en casa, resolución de traballos e problemas.
Cualificación final	A cualificación final farase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres que nunca será inferior á nota da 2ª avaliación, así como tendo en conta as actividades de repaso, reforzo, ampliación ou no seu caso recuperación coas que o alumno ten opción de subir entre 0 e 1 punto na cualificación final, tendo en conta o esforzo realizado. Os alumnos que non dispoñan de medios para presentar os traballos do terceiro trimestre, terán a opción de presentar o seu caderno antes de rematar o trimestre, para poder subir nota.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Audiovisuais (vídeos de youtube) Documentos PDF imprimibles con posibilidade de debuxar en folio se non hai posibilidade de imprimir. Fichas tipo preguntas – respostas, a partir de un texto previo de lectura e comprensión . Actividades interactivas utilizando internet de forma responsable e con axuda. Fichas recortables (manualidades) e para colorear. Actividades escritas no caderno ou libreta.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Semanalmente se envía a través da páxina web do colexio unha serie de actividades a desenrolar polos alumnos que unha vez realizadas deben ser remitidas ao profesor. O alumnado con conectividade pode realizar directamente as actividades e remitilas vía telemática, co seu nome, para ser corrixiadas. O alumnado sen conectividade terá facilitado o acceso as actividades imprimibles a través do persoal do concello correspondente, que lles fará chegar aos domicilios dos alumnos as distintas tarefas a realizar. Estes alumnos terán a opción de presentar os cadernos ou os traballos antes de fin de curso, a fin de subir a súa nota. En todo caso, para os alumnos que neste terceiro trimestre traballen na casa, terase tamén en conta o esforzo realizado por eles mesmos, e non tanto que o traballo sexa presentado correctamente, dado que este traballo telemático non é obxectivo, e pode o alumno contar coa axuda dos pais .
Materiais e recursos	Ordenador. Libro de texto. Caderno do alumno. Páxina web. Tokapp Recursos dixitais na web (vídeos youtube, láminas imprimibles, manualidades, recortables...) Documentos PDF con fichas. Láminas para colorear. Folios. Material funxible.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O procedemento que empregará o profesorado para informar ao alumnado e ás familias será mediante o envío de un tokapp no que se informa da publicación deste documento na páxina web do centro. Comprobarase que todas as familias reciben a notificación e se non é así, contactarase individualmente por medio de e-mail ou via telefónica con aqueles que non o leron
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Este documento de adaptación da programación didáctica así como as actividades propostas estarán a disposición das familias a través da páxina web do centro.